

Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmento

AS XOIAS DE REGODREIGÓN.

LORENZO-FERNANDEZ, Joaquin; GARCIA ALVAREZ, M. Ruben

Ano: 1956 | Número: 66

Como citar este documento:

LORENZO-FERNANDEZ, Joaquin; GARCIA ALVAREZ, M. Ruben, As xoias de Regodreigón.
Revista de Guimarães, 66 (1-2) Jan.-Jun. 1956, p. 90-96.

Casa de Sarmento
Centro de Estudos do Património
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmento, 51
4800-432 Guimarães

E-mail: geral@csarmento.uminho.pt

URL: www.csarmento.uminho.pt



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

As Xoias de Regodeigón

POR JOAQUIN LORENZO FERNANDEZ
da Real Academia Galega e da Real Aca-
demia da Historia.

E M. RUBÉN GARCÍA ALVAREZ
da Real Academia Galega.

A fins do ano 1953, n-un lugar chamado A Plana, na Parroquia de San Cristobo de Regodeigón, preto de Ribadavia, e namentras traballaban unha herdade de Francisco Retorta, uns obreiros atoparon dúas xoias, das que nos imos ocupar aquí.

As pezas, pol-os informes que puidemos acadar, apareceron enteiras, mais foron partidas cada unha en catro anacos «pra ver de que eran».

Rescatadas pol-o Museo Arqueolóxico de Ourense, figuran hoxe entre os seus fondos, habendose recostruído unha, namentras que a outra conservase tal e coma a deixaron os que deron coela (Fig. 1).

As dúas xoias son idénticas, variando unha da outra somentes en lixeiras diferencias de grandor.

Apareceron n-unha finca prantada de videiras con motivo de un traballo dado a fondo á herdade; estaban misturadas coa terra e preto unha da outra.

O lugar do achádego podenos amostrar unha data pra estas pezas, xa que se atopa sementado de tégulas, pondus, muiños de man, terra sigilata e outros restos que amostran tratarse do vello emprazamento de unha vila romana.

Son, coma xa dixemos, dúas xoias idénticas que forman parexa, non soio pol-a súa semellanza, senon tamén pol-o emprego a que as supomos destinaadas.

Esí pois, descrita unha, quedan reseñadas as dúas.





Fig. 1



Trátase (Fig. 2) de unha peza en espiral, con tres voltas, de unha lonxitude total, sen contal-os remates, de 210^{mm}, c-un groso de 4^{mm} nos cabos e 4,50 no centro, formada por unha barra de seición circular, que logo se prolonga 9^{mm} por cada punta no anaco ocupado pol-os remates.

A barra é totalmente lisa, presentando decorados os extremos c-unha composición que é a mesma nos catro remates das dúas pezas.

O diámetro dos remates (Fig. 3) é de 5^{mm}, presentando unha meia cana antre dúas zonas cóncavas. A seguir, vese un fío enrolado en espiral e posto darredor de un espigo que remata n-unha esfera de 3^{mm} de diámetro. A meia cana de que denantes falamos, ten unha serie de riscos que sinalan un tema de gallóns.

O peso total de cada peza é de 30,80 grms., anque a que hoxe está arrenxada pesa 0,30 grms. mais pol-o metal empregado na soldadura.

As xoias están feitas de bronce ruín, pois, anque non foi analizado, semella ter moito estaño e ser por elo moi fraxil.

Iste bronce atopase cuberto por unha lámea de ouro de 24 kilates, sendo de iste mesmo material os remates, o fío en espiral e a esferiña terminal (Fig. 4).

Os adornos dos cabos, fora da esfera e da espiral, foron traballados n-un anaco chairo de ouro que logo foi enrolado e apricado á peza, engadindolle despois os outros elementos; na figura 3 notase, á esquerda, a liña da soldadura.

A estrutura e probeza das xoias de que falamos amostranos que son de un arte xa en decadencia, mais emparentado cos productos dos castros que tan fermosos exemplares nos deixaron na ourivesaria, pois compre ter en conta que o aspecto xeral das pezas, a forma dos remates, os temas decorativos e a técnica empregada no seu feitío, non deixan dúbidas en canto á súa filiación castrexa, anque pertencente xa a época romana, feito pol-o demais coñecido n-outras manifestacións culturais, especialmente nas cerámicas, que perviven por longo tempo, cando



Fig. 3




Fig. 4

xa os homes do NW deixaron as citanias pra se instalaren no val.

Non abundan na nosa cultura castrexa as xoias do tipo das de Regodeigón. En certos castros teñense atopado espirales de bronce, de pequeno diámetro interior, tal coma no nivel V do Castro de Cameixa e n-alguns outros, mais todos iles feitos en materiais baixos.

En ouro, somentes coñecemos unhas discutidas pezas da Colección Blanco Cicerón e que aínda non foron interpretadas de un xeito concreto, especialmente por se atoparen en anacos.

Falan de elas, antre outros, Villaamil y Castro ⁽¹⁾ e Florentino L. Cuevillas ⁽²⁾. Nós intentamos o seu análisis por meio de unha excelente fotografía de Chicharro que se atopa no Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos (Fig. 5). Aparecen estas xoias partidas en seis anacos que compoñen unha espiral e cecais parte de outra, presentando dous remates




Fig. 5

idénticos, un en cada cabo. Pol-o que a foto deixa ver, semellan estes remates seren do mesmo feito que indica a figura 7. Son de ouro e proceden da Provincia de Lugo.

Na mesma colección atopase tamén unha peza formada por un fio en espiral, cos remates en forma

(1) José Villaamil y Castro: *Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos*. «Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense», t. III. páxs. 81 ss.

(2) Florentino L. Cuevillas: *Las joyas castreñas*. Madrid, 1951. Páx. 88.




Fig. 6



Fig. 7

de gancho e sen decoración aparente (Fig. 6), peza que tampouco podemos ver e que somentes coñecemos pol-a fotografía aludida, mais á que supomos un emprego semellante ô das pezas que comentamos.

Pol-os deseños, podese ollar que o parecido de estas xoias coas pezas de Regodeigón é manifesto: tratase de xoias que pertescen ô mesmo arte e teñen o mesmo destiño, asunto iste derradeiro de que nos imos ocupar a seguir. Parez evidente que as pezas de Regodeigón forman parexa, é decer, que foron feitas pra seren usadas conxuntamente.

Antre os empregos en que primeiro se matina é, craro está, o de anelos ou sortellas, mais nin o diámetro do oco central, que é de 12^{mm} no mais estreito, nin o outo do conxunto, de 20^{mm}, permiten tal uso, xa que os dedos teñen pol-o xeral mais grosor, e, aínda que se poidesen introducir na peza, non permitiría esta o xogo dos artellos. Pol-o demais, iste uso non xustificaría o feito de seren dúas idénticas.

Ningunha outra xoia castrexa das coñecidas ten semellanza coestas e así se non pode precurar un paralelo coelas.

Crêmos, non embargantes, poder sinalar un probable uso que nos ispirou a lectura de unhas verbas

do arqueólogo D. Francisco Iñiguez ⁽¹⁾ e unha aclaración do noso bo amigo D. Manuel Chamoso Lamas.

Fala o pirmeiro de que n-un códice que se atopa no Arquivo Secreto Vaticano, aparece a relación de unha viaxe feita á Península por Giovanni Battista Confalonieri a fins do século xvi. Chegou o viaxeiro a Compostela o 4 de maio do 1594 e, antre outras moitas cousas, fala das «santiaguesas, sus vestidos y hasta sus pendientes y collares». Por referencia verbal do Sr. Chamoso, que ollou a relación completa, sabemos que antre as xoias de que fala o tal Confalonieri figuran uns anelos de metal con que as galegas de entón suxetaban as crenchas dos seus cabelos.

Coidamos que tal poida ser tamén o obxecto das pezas de Regodeigón, aparecendo así unha curiosa supervivencia de iste trebello ô longo de dezaseis séculos pol-o menos, xa que iñoramos cando deixaron de seren usadas.

Coma exemplo da aplicacón que indicamos prás xoias de Regodeigón, véxase a figura 8, na que a peza reconstruída pode ollar-se nos cabelos de unha meniña.

Por outra parte, se as espirales de ouro ou de bronce atopadas en castros teñen o mesmo uso, tratase de obxectos empregados xa pol-os castrexos e aínda por xentes máis anterigas: Déchelette ⁽²⁾ fala de pezas coma estas usadas na época do Bronce prós cabelos, e outras semellantes, de ouro, da mesma data, atopáronse ben preto de nós, n-un sepulcro da Quinta da Auga Branca (Minho) ⁽³⁾.

A filiación de estas pezas levanos pois, pol-o menos, até o Bronce, presentando as castrexas a única novidade da forma dos remates, máis coma

⁽¹⁾ Francisco Iñiguez Almech: *Las excavaciones en la Basílica del Apostol*, in «Santiago en la Historia, la Literatura y el Arte», t. I. Madrid, 1954. Páx. 7.

⁽²⁾ Déchelette: *Manuel...*, II.

⁽³⁾ José Fortes: «Portugalia», II, fasc. 2. 1950. Páx. 242.



Fig. 8

xa indicou Cuevillas (1), é probabel que naceran coma imitacións en pequeno de torques e brazaletes.

As pezas de Regodeigón amostrannos unha prenda nova na cultura castrexa e acraran a natureza de algunha xa coñecida, coma son as aludidas da Colección Blanco Cicerón.

Ourense, Nadal de 1955

(1) *Oper. cit.*, páx. 107.